

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 15005211 | IES Salvador de Madariaga | A Coruña | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Música | 3º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 6 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 7 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 26 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 28 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 29 |
| 7.2. Actividades complementarias | 30 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 30 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 31 |
| 9. Outros apartados | 32 |

1. Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, de Internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias e, ademais, contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción» englábanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos.

favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres coma por homes,

e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas.

En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

Xustificación.

A dimensión artística é un aspecto fundamental na formación das persoas. Históricamente foi un dos pilares básicos da formación desde os tempos antigos e medievais, polo seu valor a un tempo colaborativo, estético e creativo, porén, esas características xogan na súa contra nun sistema máis estandarizado. É comprensible, aínda que lamentable, que en España xoga tamén na súa contra a escasa tradición musical do noso país, por desgraza, carecimos de tempo para consolidar e amosar os grandes valores que unha boa formación musical pode aportar a unha sociedade. As grandes aportacións con que a música contribúe á formación do noso alumnado, poden sistematizarse nas seguintes:

Contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso e a asunción de responsabilidades no traballo en equipo. Asimesmo, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. Tamén potencia o desenvolvemento de competencias como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático e o coñecemento tecnolóxico e científico. Por outra banda, contribúe a entroncar a súa experiencia curricular co seu entorno, inmediato. O entorno dos nosos alumnos adolescentes é particularmente multimedia e a presenza da música constante, ensinalles a súa comprensión, uso e valoración, contribúe en grande medida a crear un pensamento crítico e unha maior autonomía no mundo da información na que viven inmersos.

Música: linguaxe e comunicación.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento cun valor incuestionable na vida das persoas. Na actualidade vivimos nun contacto permanente coa música, sen dúbida, a arte máis poderosamente masivo do noso tempo.

Música e tecnoloxía

O desenvolvemento tecnolóxico foi modificando considerablemente os referentes musicais da sociedade pola posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, a radio, a televisión, os xogos electrónicos, o cine, a publicidade, Internet, etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, á súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

O mundo exterior e o aula

Desde esta perspectiva, o currículo de Música para a Educación Secundaria Obrigatoria pretende establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas, creando as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, ata chegar a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en actividades vinculadas coa audición, a interpretación e a creación musical.

Características evolutivas do alumnado

Ao carácter máis global que a materia de Educación artística presenta na Educación Primaria, sucede nesta etapa unha aproximación máis diferenciada e analítica. Isto correspóndese coas características evolutivas do alumnado, nun momento en que a súa capacidade de abstracción experimenta un desenvolvemento notable. Esta diferenciación non impide, con todo, que a materia sígase articulando ao redor de dous eixos fundamentais, percepción e expresión, vinculados á súa vez, e de forma directa, coa adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadáns.

A percepción e a expresión musical

A percepción refírese nesta materia ao desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en directo ou gravadas. Pola súa banda, a expresión refírese ao desenvolvemento de todas as capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical. Desde o punto de vista da interpretación, o ensino e a aprendizaxe da música céntranse en tres ámbitos diferenciados pero estreitamente relacionados: a expresión vocal, a expresión instrumental e o movemento e a danza. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar o logro dun dominio básico das técnicas requiridas para o

canto e a interpretación

instrumental, así como axústelos rítmicos e motores implícitos no movemento e a danza. A creación musical remite á exploración dos elementos propios da linguaxe musical e á experimentación e combinación dos sons a través da improvisación, a elaboración de arranxos e a composición individual e colectiva.

A música, referente da mocidade

O tratamento dos contidos que integran estes dous eixos debe facerse tendo en conta que, na actualidade máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación da mocidade. O feito de que o alumnado séntaa como propia constitúe, paradoxalmente, unha vantaxe e un inconveniente no momento de traballala no aula: vantaxe, porque o valor, así como as expectativas e a motivación respecto desta materia son elevadas; inconveniente, porque o alumnado, ao facela súa, posúe sesgos confirmatorios moi arraigados.

A presenza da música na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria debe considerarse como punto de referencia o gusto e as preferencias do alumnado pero, simultaneamente ten que concibir os contidos e o fenómeno musical desde unha perspectiva creativa e reflexiva, intentando alcanzar cotas máis elevadas de participación na música como espectador, intérprete e creador.

A música e as outras materias

A calidade interdisciplinaria da música propicia e implica establecer vínculos cun gran número de materias que conforman o currículo para formar o cadro cultural no que as creacións musicais desenvolvéronse ao longo do tempo, e favorece a consecución de xeito máis diversificado dos obxectivos xerais da etapa. A música en toda a súa dimensión permite unha dobre función no desenvolvemento do alumno, desde o punto de vista do desenvolvemento persoal e na formación dos fundamentos técnicos e científicos do enriquecemento cultural. Así pois, é necesaria unha sólida formación musical como elemento indispensable na educación das persoas.

O ensino da música ten que potenciar as capacidades de escoitar, recoñecer e reter as relacións que configuran as estruturas musicais, e por iso mesmo ten que orientar na diversificación de gustos musicais e na formación dun espírito crítico e de fomento de valores de convivencia e disciplina. Hai músicas de gran riqueza, pero só uns poucos poden ou saben gozalas debido a que o gran público non está capacitado para percibir a gran cantidade de parámetros musicais que se ofrecen. Trátase, pois, dun problema de educación. Non é que lles guste ou non lles guste, senón que non teñen as ferramentas nos seus oídos e no seu entendemento para emitir un xuízo de gusto.

Actitudes que se debe potenciar

As clases de música teñen que transcorrer nun clima de respecto para coa materia, de participación, e de atención á diversidade do alumnado. As actividades complementarias e extraescolares serán soportes importantes no desenvolvemento da materia e na formación e motivación dos alumnos.

Contextualización.

En liñas xerais, unha das características do alumnado do noso centro é a heteroxeneidade. Respecto ao noso alumnado de secundaria, atopámonos que o noso centro adscrito variou nos derradeiros anos moito o seu alumnado, pasando de estar conformado por alumnado de barrios periféricos (Ibañou) ou incluso enclaves chabolistas (O Portiño) a aglutinar o alumnado dun barrio novo e puxante (Los Rosales), a pesar de que por diferentes razóns, sobre todo de tipo xeográfico, hai as veces certos trasvases con outros insitutos cercanos, estes tres lugares seguen ser os barrios de onde proveñen os nosos alumnos. En resumidas contas, temos un importante continxente de alumnos dos Rosales, de extracción de clase media, un barrio residencial, un pouco lonxe de centro, con familias novas e, en liñas xerais, a formación dos pais é predominantemente de secundaria ou Universitaria, ao mesmo tempo, temos alumnado de orixes máis complicados, como xitanos do enclave chabolista do Portiño e bastante alumnado inmigrante (este claramente en descenso por mor da crise) que vive nos barrios vellos e de alugueres baixos que están preto do instituto.

Observamos nestes últimos cursos, un incremento de alumnado doutras zonas que se matriculan no noso centro, precisamente por razón da música. Por un lado, irmáns pequenos de irmáns que cursan o bacharelato de artes, alumnos que cursando estudos do conservatorio teñen xa claro que van encamiñar os seus pasos a ese bacharelato ou simplemente aproveitan a nosa ubicación privilexiada para eles, estamos a carón do conservatorio e tratamos de coordinarnos con eles. Somo centro de escolarización preferente para o alumnado do Conservatorio.

Contextualizando ao centro, o noso centro é un dos centros históricos de Galicia (masculino de A Coruña) o que fai que durante moito tempo tivera un claustro numeroso con destino definitivo no centro, o que se traduciu durante moito tempo en un claustro dunha media de idade bastante elevada. Iso traducíuse nun certa resistencia ao cambio, as cousas van mudando pero aparecen novas problemáticas. Tivemos no claustro moitas xubilacións que non se convirten en prazas definitivas, así que atopámonos con que estamos cada curso recibindo a un profesor provisional, o que convírtese nun xogo de azar. As veces recibimos profesores maravillosos que sentimos que nos deixen tras un ano tan só, e outras veces, non. Por razóns de índole organizativa (sección bilingüe en segundo e o resto das materias deste departamento en niveis superiores), este profesorado habitualmente asume a docencia deste nivel de 3º, así que a continuidade deste curso viuse nestes últimos anos resentida.

Lexislación

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria

obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderalles aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo en uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación secundaria obrigatoria, a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, introduciu modificacións nalgúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación secundaria obrigatoria, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación, a promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal. | 2-3 | 3 | | 1-2 | 3 | 1 | | 1-2 |
| OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|-----|-------|
| OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal. | 1 | | | 2 | 1-3 | 1 | 1 | 3 |
| OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | 1 | | 3 | 2 | 3 | 1 | 1-3 | 3-4 |
| OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización. | 1-2 | 2-3 | | 1 | 1-3 | 1 | 3 | 1-2-3 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Elementos del pentagrama, música monódica, interpretación dunha melodía simple. | Repaso dos elementos constitutivos da grafía musical, práctica dos mesmos. | 20 | 14 | X | | |
| 2 | Indicadores de compás, interpretación de melodías a dúas voces. | Ampliación dos diferentes indicadores de compás e introducción á polifonía | 16 | 12 | X | | |
| 3 | Concepto de tonalidad, interpretación de melodías a varias voces. | Afianzar el concepto de tonalidad mayor y menor, diferentes armaduras. | 16 | 12 | | X | |
| 4 | Grupos irregulares. Introducción a la Melodía acompañada. | Tresillo, dosillo e xeralización dos diferentes grupos irregulares métricos na teoría e na práctica. Interpretación dos mesmos. O acorde. | 16 | 10 | | X | |
| 5 | Acordes de tónica, subdominante y dominante. | Afianzamento do recoñecemento auditivo das tres función tonais e a práctica. O blues de 12 compases. | 16 | 12 | | | X |
| 6 | Composición de ritmos e frases simples. | Composición empregando o periodo e a pregunta resposta e a variación dun tema sinxelo. | 16 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Elementos del pentagrama, música monódica, interpretación dunha melodía simple. | 14 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | PE | 60 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentario de audicións. | | |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer as características principais do período. | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler con fludez partituras sinxelas e adaptadas ao nivel. | TI | 40 |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - A partitura. Identificación e aplicación de graffías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. |

Contidos

- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 2 | Indicadores de compás, interpretación de melodías a dúas voces. | 12 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | PE | 45 |
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Identificar os feitos históricos e culturais que inflúen nas manifestacións musicais. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler con fludez partituras sinxelas e adaptadas ao nivel. | TI | 55 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar as propostas musicais traballadas no período. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais do momento histórico correspondente. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de |

Contidos

- Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
Os criterios de selección do material para as actividades de interpretación poden resumirse na idea dun repertorio heteroxéneo, no que teñen cabida moitos xéneros e estilos, mediante uns arranxos que facilitan a práctica interpretativa.

Pautas xerais para a interpretación.

Insistir nas normas de interpretación en grupo traballadas anteriormente. O desenvolvemento das capacidades interpretativas ten como marco tres áreas diferenciadas aínda que estreitamente relacionadas entre sí: a expresión instrumental, a expresión vocal e a expresión corporal ou movemento.

Expresión instrumental

É especialmente relevante traballar de forma conxunta, o obxectivo máis relevante neste curso é o de activar o sentido do pulso no alumnado. A interpretación conxunta favorecerá a consecución deste obxectivo, evitando que o alumnado considere que a interpretación é tan só dar as notas, sen ter en conta o espazo temporal e a coherencia co resto do grupo.

Expresión vocal

Realizaremos as actividades de técnica vocal (resoancia, articulación, vocalización), antes de abordar a interpretación dalgunha canción.

Expresión corporal, movemento e danza

A música é o soporte da danza, polo que o movemento corporal é un obxectivo que se ha de alcanzar e un recurso didáctico para a expresión de contidos musicais como a pulsación, o deseño melódico, a textura e a forma.

Improvisación

A improvisación reúne en si mesma as dúas facetas musicais máis importantes: a composición e a interpretación. Dito procedemento permite explorar posibilidades sonoras. A improvisación pódese expoñer dentro dun abano de posibilidades que van desde a liberdade total até a suxección a unhas pautas predeterminadas. Está presente ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, constituíndo en moitas ocasións non só un punto de partida para as actividades baseadas na interpretación e na creación, se non tamén o eixo central de partes específicas da aprendizaxe, como poden ser as actividades rítmicas ou a entoación de sons e a exploración tímbrica e formal. Pódese insistir en que, para improvisar, hai que partir das pautas dadas e manter unha actitude desinhibida e participativa, despreocupándose dos posibles erros e adoptando unha actitude constructiva ante os mesmos.

Creación

Parte da experimentación e a combinación de sons ou elementos corporais a través da improvisación para chegar, posteriormente, a un traballo máis planificado que se plasme na composición, e que permita ao alumnado interiorizar os elementos que permitan construír a música.

Lectoescritura musical

A música é unha linguaxe e constrúese, da mesma forma que a linguaxe verbal, a partir dunhas unidades de significación que se combinan de múltiples formas e que hai que aprender a manexar con soltura. Isto non significa que haxa que aprendelo como unha actividade mecánica. Ao contrario, as actividades baseadas na lectura e a escritura musicáis deben ser un medio para a consecución doutros obxectivos, constituíndo a base para outros procedementos como a audición, a improvisación, a interpretación ou a composición de fragmentos.

A lectoescritura musical non debe ser entendida desde un punto de vista restrictivo no que só tería cabida a forma tradicional de representar a música con notas nun pentagrama.

Outros sistemas de representación, esquemas ou musicogramas, utilizaranse habitualmente na clase.

Investigación e alfabetización informacional

Pódense agrupar aquí, os contidos curriculares encaminadas a fomentar hábitos de búsqueda de información, posta en común e debate. Este tipo de contidos cobran toda a súa importancia xa que o alumnado a estas edades va adquirindo a madureza necesaria que lle permite abordar as tarefas de investigación de forma máis autónoma e con maior criterio. Insistirase en que buscar información a partir dun tema ou cuestionario non é ir directamente ao lugar concreto da fonte (bibliografía, partitura, material de audio o vídeo, Internet) onde agardase atopar unha resposta determinada para copiala literalmente. Máis ao contrario, hai que planificar a búsqueda, elixir máis dunha fonte, ler e escoitar con tranquilidade, extraer as ideas máis importantes. Analizalas, desenvolveas e realizar unha síntese a partir de todo o material traballado.

Están incluídos ao concretar os diferentes estándares de aprendizaxe onde incluiremos os items propostos no Proxecto Lector para a alfabetización informacional do alumnado de 3º da E.S.O.

Contemplaremos o uso de buscas avanzadas e de empregar opcións nos motores de buscar, u uso de bases de datos de partituras como poder ser imslp, tamén o uso de correctores e dicionarios en rede, a difusión de diferentes formatos para difundir os traballos, espeicalmente a exposición oral, presentacións audiovisuais e o uso de Sites. Procurarase o uso de notas nesas presentacións e a cita correcta das fontes, catalográficamente ou mediante url. En música traballaremos con editores de Son e de partituras, Audacity e Musescor. Tamén coñeceremos as licenzas dos dereitos de autor, o streaming como sistema para respectalos, e xa vinculados co consumo masivo de youtube, traballaremos o control da identidade dixital e o fenómeno dos influencers.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Instrumentos dotación de aula (Orff) |
| Aula virtual, Edixgal) |
| Programa de edición de partituras (Musescor) |
| Materiais do Repositorio Abalar |
| Programa edición de audio (Audacity) |
| Piano electrónico |
| Teclado midi |
| Lousa pautada. Lousa normal |
| http://www.teoria.com/indice.php |
| http://centros3.pntic.mec.es/cp.antonio.de.ulloa/webactivhotpot/raiz/Hot%20Pot/musica/edauditiva/indiceauditiva.html |
| http://www.hispasonic.com/ |
| https://fatimalenguajemusical.blogspot.com |
| http://aulamusicaldeadriana.blogspot.com/2011/03/teoria-musical.html |
| https://www.youtube.com/channel/UCa3DVIGH2_QhvWuWIPa6MDQ |

Las dos muertes de Mozart, de Joph Gelinek

La teoría musical en la práctica, de E. Taylor, Grado 2.

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc

Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.

Programas de edición de partituras e audio

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

Bibliografía;

La Teoría musical en la práctica.- Eric Taylor. The Associated Board of the Royal Schools of Music (grado 2). Traballaremos sobre estos cuadernillos como material de traballo do alumno, é a mellor forma de que o alumno teña un material de apoio que pode utilizar para repasar materia e preparar o exame.

Primeros pasos en teoría musical Grados 1 a 5.- Eric Taylor. The Associated Board of the Royal Schools of Music. Sería o libro de consulta que se correspondería co cuaderniño anterior. Se tería como material de consulta no aula.

Canta, Canta.- Lenguaje Creativo a 2 voces. Nivel Elemental . Ana María Navarrete.

Música Didáctica. S.l. Gurevitz. Anaya/Medios digitales y Creatividad.

El oído de la mente.- Silvia Malbrán. Akal/Entorno Musical.

Aprendiendo a componer.- John Howard- Akal/Entorno Musical.

4 minutos de lenguaje musical. Lecturas a primera vista progresivas. Volumen 01 e 02.

Ángela Alonso García y Óscar Esplá Gutiérrez. Didactiques musicales.

Melodías clásicas para entonar y analizar. volumen 01 e 02. Antonio García-Palao Redondo. Ediciones si bemol.

Utilizaremos ademais como apoio virtual.

A aula virtual do iessalvadormadariaga.galla virutal como entorno protexido onde colgaremos os traballo que queremos que fagan os alumnos, apuntes que sexa precisos, ou traballos dos alumnos.

E ademais, recomendarase a escoita e o visionado por parte dos alumnos dalgúns podcasts ou programas de radiotelevisión española seleccionados con contidos axeitados a materia. Aproveitando o servizo de Radio y Televisión a la carta.

(<http://www.rtve.es/alacarta/rne/>), que nos da acceso ao estupendo fondo cultural que radioclásica e a 2ª canle de televisión especialmente atesoran. Dita escoita será dirixida e controlada por medio de cuestionarios. O mesmo faremos con algúns documentáis seleccionados.

A entrega dos mesmos será informatizada, polo tanto empregaremos a conta que todos os alumnos do centro teñen dentro do entorno g-suite, as vantaxes deste sistema, ademais do ecolóxico, aforro de papel, tamén estriba: primeiro, familiarizar ao alumnado co uso de ferramentas colaborativas como o google drive, ademais de poder comentar sobre o traballo os erros ao alumnado, sen ter que existir un trasvase físico, menos riscos de extravío ou traspapelo. Por outra banda, deste xeito existe un mellor control sobre as datas de entrada e orde de entrega dos mesmos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

Se no momento das avaliación inicial atopáramos con alumnos que non lograran seguir o nivel inicial da clase. Isto quere dicir, no caso de que non foran quen de ler as notas dentro do pentagrama na clave de sol, non son capaces de seguir o pulso, ou ben non son quen de diferenciar ritmos binarios e ternarios. Procederáse a facer unha adaptación curricular, en primeiro lugar recomendaráselle que retome ou volva a repetir o cuaderniño do curso pasado, que se lle correxirá na aula.

Dado que a maioría das actividades que se van facer son colaborativas, incluírase a estes alumnos nos grupos, sempre tendo en conta as dificultades á hora de asignárselle un papel cunha dificultade menor (instrumentos de son indeterminado) ou similar. Iso significa que se valorará a participación e aporte do alumno en función das súas capacidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 16 | 16 | 16 | 16 | 16 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 45 | 50 | 45 | 45 | 45 | 49 |
| Táboa de indicadores | 40 | 55 | 50 | 55 | 55 | 55 | 51 |

Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 35% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre. Pasará a contar para a nota media a partir do 3.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal e exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica desglosados do seguinte xeito:

- Exercicios de interpretación grupal, un 40%
- Exercicios de lectura e interpretación individual, un 15%

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas. En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

3. Traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo un 10% da nota final.

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda , é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material mais aló do traballo diario no aula.

Son os exámenes escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor otorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

A avaliación é continua, e a nota final será a mesma da terceira avaliación, máis a suma do traballo realizado durante o período que transcorra entre a 3ª avaliación e a final, ese traballo consistirá na preparación dunha obra musical e se cuantificará nun máximo dun punto.

Indicadores de logro de 3º da E.S.O.

1. Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e por abaixo empregando compases de 2/4, λ e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso dos puntillos de prolongación en brancas, negras e corcheas.
2. Medir seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria.
3. Facer dictados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala natural de do. (Até un Máximo oito erros en oito compases)
4. Recoñece auditivamente as texturas monódicas, homofónicas e polifónicas.
5. Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste.
6. Enumeración das características das formas binarias e ternarias.
7. Respostar a cuestionarios e recoñecemento de diferentes procedementos compositivos de forma auditiva e sobre a partitura.
8. Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.
9. Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.
10. Fai ostinatos
11. Participación de forma constructiva en todas as actividades propostas ao longo do curso.
12. Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro.
13. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro.
14. Asíumese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.
15. Comprensión e valoración do concepto da Paisaxe Sonora.
16. Creación de paisaxes sonoras imaxinarias empregando bancos de son de carácter gratuito.
17. Recoñece auditivo e visual dos instrumentos da orquestra sinfónica.
18. Coñece as principais tesituras de voces. Coros mixtos, coros de voces brancas e coros masculinos.
19. Formación e colocación da orquestra sinfónica.
20. É capaz de seguir unha partitura proporcionada para seguir unha audición, implica recoñecer os elementos gráficos.
21. Interioriza a necesidade do silencio para poder escoitar unha obra musical.
22. Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.
23. Comprende os diferentes parámetros que constrúen a obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, tempo, dinámica, forma...
24. Ser autónomo á hora de atopar os parámetros indicados nunha partitura.
25. Emprega tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
26. Comprende que a música está como base de moitísimas das linguaxes que nos rodean, especialmente no ámbito audiovisual.
27. Identifica diferentes estilos de danza ao longo da historia
28. Empregar distintas fontes de información, bibliográfica e dixital. Poderá empregarse dispositivos móbiles na aula para tal fin.
29. Participa activamente na realización do traballo colaborativo.-
30. Expón oralmente empregando unha linguaxe e un vocabulario axeitado
31. Responsabilízase solidariamente de todo o traballo presentado polo grupo.
32. Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.
33. Emprega con autonomía un editor de partituras (musescore)

Criterios de recuperación:

Dado que a materia de música ten contidos continuos, nos que precisamos estar sempre repasando eses contidos, a aprendizaxe prodúcese sempre en espiral. En cada avaliación sempre será necesario repasar os contidos para poder construír coñecementos novos, de tal forma que en cada actividade proposta estará incluída a recuperación. O

profesor terá especial coidado en procurar dar a ese alumnado que non superara as avaliacións iniciais actividades que lle axuden a superar eses contidos non acadados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Hai un desenvolvemento conxunto entre os currículos de 2º e 3º. O que fai que mentres se estea a traballar o currículo de 3º de facto se está a repasar o currículo de 2º. Poo tanto, a avaliación dos alumnos pendentes da materia de 2º da ESO virá determinada polo desenvolvemento da materia no curso seguinte.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para assimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Adaptacións curriculares.

A nivel xeral, aténdese á diversidade de grupos e alumnado, en concreto facendo adaptacións curriculares que contemplan en maior ou menor grao os distintos bloques de contidos segundo as capacidades do alumnado e as competencias que haxa que desenvolver de forma prioritaria. Entre as numerosas actividades que se prantexen, pódense elixir aquelas que máis se adecuen aos diferentes perfís dos grupos e do alumnado, centrándose nos contidos baseados na percepción e investigación («Aprendemos») ou na interpretación e creación («Facemos música»).

Ademais, e como parte destas adaptacións curriculares ordinarias, na programación de aula contémpanse para cada unidade didáctica unha serie de actividades de reforzo e ampliación que insisten nos contidos traballados en cada unha delas.

Alumnado con necesidades educativas especiais. As adaptacións curriculares poden apartarse significativamente dos contidos e criterios de avaliación xerais e realizarse buscando sempre o máximo desenvolvemento das competencias básicas. Pódese expor unha programación máis restritiva que, tendo como meta os mesmos obxectivos, propóñase desenvolver as competencias básicas a través dos contidos que estean máis baseados na expresión musical e, en concreto, na práctica vocal, instrumental e de movemento. Para iso, propóranse actividades encamiñadas á adquisición e desenvolvemento de habilidades instrumentais (percusión Orff), vocais e de movemento, que sirvan, á

súa vez, de marco para o estudo dalgúns contidos moi elementais da linguaxe musical e o seu contexto histórico e cultural.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Autonomía | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre sexos | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Organizaranse saídas e concertos aproveitando a oferta musical do municipio e arredores. | Propiciárase a asistencia do grupo aos ensaios da OSG concertos didácticos | X | X | X |
| Encontros anuais | Procuraremos participar no encontro que convoque asomúsica ou outros nos que os alumnos actúen con outros rapaces. | X | X | X |
| Proxecto Lector | Son estas as actividades encamiñadas a fomentar, desenvolver e cultivar a afición á lectura tan importante e necesaria pero tan denostada nos mozos nos últimos anos, debido en parte a vivir nun mundo audiovisual e tecnolóxico moi desenvolvido e que resúltalles máis cómodo e atractivo e require menos esforzo. | X | X | X |
| Plano xeral das TICs. | Seguir coa súa implantación na aula por entender que son, verdadeiros factores de formación, fundamentais na aprendizaxe actual e futuro do alumnado | X | X | X |
| De acordo co Proxecto Lector de centro propoñemos como lectura para a primeira avaliación neste nivel a Novela "Las dos muertes de Mozart" de Joseph Gelinek | Por un lado un thriller con un suspense moi logrado pode atrapar ao noso alumnado. Por outra banda, son moitísimos os referentes musicais ben traballados na novela e que poden ser utilizados na aula. | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|-----------------------|
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de

cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.

- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva dos alumnos-as nas competencias básicas
- Evolución progresiva dos alumnos-as na comprensión dos elementos da linguaxe e os distintos parámetros sonoros que conforman o feito musical
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudio propio da música
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propias dunha sociedade plural, solidaria e democrática
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: percepción, identificación, recoñecemento e reprodución dos distintos elementos da música
- Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas necesarias para entender a música como medio de comunicación e de expresión artística e persoal.
- Progresiva evolución nas técnicas e as normas de escritura musical tendentes a desenvolver no alumnado a capacidade para ser quen de achegarse a calquera creación musical que está ao seu alcance e poder desentrañar os códigos musicais.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo, detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso nestos casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables a nós.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento or períodos da avaliación por parte dos profesores que impartan as diversas materias.

Nas reunións de Departamento se analizará o grao de cumprimento do obxectivos programado e as dificultades atopadas e poderánse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teránse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

9. Outros apartados